



## NORMAS DE VOTO

Os/As socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e poderán votar de dúas formas:

### **1. VOTO PERSOAL:**

O voto exercitarase asistindo persoalmente á sede electoral, ubicada no Edificio Liceo (Praza Galicia, 1. 15319 Betanzos. A Coruña) o día 17 de novembro de 2017 en horario de 20.00 a 22.00 horas. O votante deberá portar documentación identificativa en vigor.

### **2. VOTO POR CORREO:**

O voto emitirase por **correo postal certificado**, garantindo a súa autenticidade, a súa efectividade e o seu carácter segredo, segundo o establecido nos apartados seguintes:

- a) Deberase presentar no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, por escrito e ata o día 7 de novembro de 2017, solicitude de voto por correo.
- b) O/A interesado/a recibirá no enderezo postal que conste no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, se non se facilita outro na solicitude de voto por correo, a documentación necesaria para votar por correo:
  1. Folla explicativa do procedemento de votación.
  2. Papeletas de todas as candidaturas e sobre de votación.
  3. Certificado de inscrición no censo electoral.
  4. Sobre grande co enderezo da Mesa Electoral.